



CERVO

Xoán Antonio Estúa García, Concelleiro portavoz do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego na Corporación Municipal de Cervo, ao abeiro da lexislación vixente presenta a seguinte.

PROPOSTA EN RELACIÓN AO FONDO ESTATAL PARA O EMPREGO E A SOSTIBILIDADE (FEESL)

Exposición de motivos:

O Real Decreto-Lei 13/2009, de 26 de outubro de 2009, polo que se crea o Fondo Estatal para o Emprego e a Sostibilidade local, en diante FEESL, dispón na súa parte de investimento dirixida ás entidades locais un importe total para o Concello de Cervo de 510.669 euros, distribuídos en 408.559,20 euros para proxectos de investimento e 102.139,80 euros para gasto corrente. Os proxectos a presentar débense tramitar coa data límite do 4 de febreiro de 2010.

Entre os obxectivos do FEESL figura o incremento do investimento público no ámbito local a través de actuacións en obras de nova planificación, xeradoras de emprego e de inmediata execución con criterios de sostibilidade social e/ou medioambiental e equipamentos, ademais do financiamento de gastos correntes pola prestación de servizos educativos e/ou sociais, podendo chegar a un gasto financiábel do 20% do importe total correspondente ao concello de acordo cos criterios de reparto, en función de poboación, que no caso do concello de Cervo suma os xa referidos 510.669 euros, de acordo co censo estimado de 4.724 habitantes, 108,10 euros por habitante.

De acordo cos datos recollidos no Ministerio de Política Territorial, o concello de Cervo aínda non tramitou solicitude algunha no procedemento aberto polo Ministerio regulado polo Real Decreto-Lei 13/2009, de 26 de outubro de 2009.

O Grupo Municipal do BNG, tendo en conta o carácter extraordinario deste fondo, tanto pola súa motivación como pola súa contía económica, que as propostas de resolución a executar deben ser valoradas polo conxunto da corporación municipal por medio da convocatoria dunha comisión de portavoces ou sesión plenaria. Neste sentido, o BNG ten o dereito e o deber como grupo municipal de facer as propostas que considere oportunas a fin da súa valoración ou toma en consideración.

A existencia no termo municipal de Cervo de centros sociais de carácter municipal, en San Román, Rúa, Castelo, Trasbar ou A Venta, ademais doutros locais prestados polo concello en San Cibrao e Cervo, na maioría dos casos infrautilizados, permite a posta en marcha de actividades específicas para persoas maiores que redunden en beneficios para conxunto da comunidade dotando estes lugares públicos da función para a que foron creados. A maior afondamento, dende o BNG entendemos que a creación dunha programación estábel dirixida ás persoas maiores que mellores a súa actividade física e psíquica ou de relación social, tomando como referencia estes locais, redundará en beneficios non só para este segmento social, moi necesitado deste tipo de actuacións, senón tamén para o conxunto da comunidade, polo que se propón o uso dunha parte do FEESL dedicado a acción social á contratación de persoal especializado na elaboración de programas específicos e a súa posta en marcha de acordo cos criterios relatados.

Por outra banda, o BNG propón a elaboración dun proxecto integral de eliminación de barreiras arquitectónicas na Urbanización Ríocovo. A este grupo municipal chegaron numerosas queixas de veciños e veciñas de esta urbanización que relatan as numerosas barreiras arquitectónicas existentes no conxunto da urbanización; por unha banda existen numerosos accesos a vivendas con escalos e elementos arquitectónicos que neste momento coas medidas de minoración de barreiras arquitectónicas non deberían existir, ademais a colocación de alumeado público non conxunto das beirarúas desta urbanización supón un obstáculo para o seu uso que tería fácil corrección coa simple execución de obras de ensanchamento das citadas beirarúas.

Polo exposto, SOLICITA:

1.- A convocatoria dunha comisión de portavoces ou sesión plenaria, a fin de valorar as actuacións financiabeis con cargo ao FEESL regulado polo Real Decreto-Lei 13/2009, de 26 de outubro de 2009.

2.- A inclusión dentro das propostas a executar con cargo ao FEESL as seguintes:

2.a – A contratación de persoal especializado para a posta en marcha dun programa estábel de actividades físicas, psíquicas e sociais específico para as persoas maiores dotando de actividade os centros sociais de San Román, Rúa, Trasbar, Castelo e a Venta, así como outros para a execución das mesmas actividades en San Cibrao e Cervo.

2.b – A redacción e execución dun proxecto integral de eliminación de barreiras arquitectónicas na Urbanización Ríocovo.

Cervo, 25 de xaneiro de 2010.

Xoán Antonio Estúa García.

AO ALCALDE-PRSDENTE DA CORPORACIÓN MUNICIPAL DE CERVO
